



LOIS



Biografía I



Luis Ángel Sánchez Pereiro nace en Monforte de Lemos o 16 de febreiro do ano 1958. Estuda no colexio dos Escolapios ata os 17 anos. Marcha para Madrid para cursar Ciencias Políticas e Socioloxía, aínda que acaba deixando estes estudos polos de inglés e alemán na Escola Oficial de Idiomas.

Alí coincide con outros escritores e artistas galegos como Manuel Rivas, Menchu Lamas, Fermín Bouza ou Raimundo Patiño, entre outros. Con eles funda a revista Loia, fance distribuído en fotocopias no que publica os seus primeiros poemas.

Lois Pereiro foi unha vítima máis da intoxicación con aceite de colza adulterado. A enfermidade acompañarao xa ata o final da súa vida.

Conspiración contra Lois

Remorsos

Non podemos alongar a nosa existencia.
A morte non sabe perdoar.

Maiakovski

A néboa en Monforte fumadora de opio
é a nai de siluetas furtivas
e saúde ó perigo que brilla
na face escura dos teus soños
a verquer nas veas a bagoa fatal (...)

E ti
(crávate ben nos ollos esa imaxe)
a
aolución
etérea
do suicidio

Fragmento dun poema de Poemas 1981-1991 (1992)



Dpto. Legal. O 26/04/2011



LOIS

Biografía II

Fragmento da Biografía do autor


Sigo a estar de parte de Boalaza, dos que nos sentimos na obriga de loitar, sempre que o mundo é mundo, polo que e evidente, a pesar de tantas evidencias decapitadas e diferentes perspetivas de actuación, levanto as coxas ante as traicións, xusto descepcionantes en verxinososa e agraciada calca continúa de infancia porque xa non nos permite ser inventos, pretendon ser varougos á súa vez, e de que parte que non sexa sempre a das novas vítimas dos novos vencidos doutras guerras, podemos estar ??

No ano 1981, regresa ao país para se instalar na Coruña, onde entra en contacto con poetas do Grupo Amor e Desamor como Miguel Anxo Fernán-Vello, Pilar Pallarés ou Xavier Seoane.

Traballa traducindo películas para televisión e incorpórase ao Consello de Redacción da revista La Naval na que publicavarios artigos. Son os anos da reconversión naval nos que a xente da cultura se compromete coa loita dos traballadores do metal.

Na revista Luzes de Galiza publica o ensaio político Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia, no que deixa entrever a súa ideoloxía anarquista.

Será nos anos 90 cando vexan a luz os seus dous únicos libros publicados en vida, Poemas 1981-1991 e Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995, que se converten moi cedo en referentes literarios das xeracións poéticas dos 90 e os 2000. Morrerá na Coruña, o 24 de maio do 1996.



Fragmento da Biografía do autor

intentaba conseguir deixar na terra algo de min que me sobrevivise sabendo que debería ter sabido impedirme a min mesmo descubrir que só fun un interludio atroz entre dous muros de silencio só puiden evitar vivindo á sombra inocultalle para sempre a quen anaba doses letais do amor que envelenaba a súa alma cunha dor eterna substituindo o desexo polo exilio inicií a viaxe sen retorno deixándome levar sen resistencia ó fondo dunha interna anquilación chea de nostalgia.

novembro, 94

De Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995 (1995)



DONALD BARTHELME DONALD BARTHELME

Cando despertes
chegou a morte
cando os sonidos das augas
en pouco tempo mortos
as azas de cristal
as maus eléutricas
namóranse dos ollos verdes das mais
pensamentos
dun fillo asesino namorado da mai
porque despertes en silencio etc
Eric?

lois pereiro

Revista Loia I

THE FLOWERS OF FRIENDSHIP FADED FRIENDSHIP FADED

PRESINTIMOS as horas do vrao
vivir de día
os futuros soños fríos
de amenceres de lúa con armarios transparentes de
ollos fríos

asesinos de princesas durmidas
en moreas de bebidas inocentes
reises da explosión solitaria
nun día escuro do país acusados de querer ser
ananos e vivir na herba
apuntándovos coa morte en decadencia
dende o día do viaxe
ou fuxida sentimental
oubeando (a chamada do bosco que se me escondía)
o sonido
de senso desesperado
o sonido tráxico.

O éstase
en surrisa vendo
como Piedad matabas aquí buraco escuro con forma de crime
onde o silencio ule
a tormenta nostáxica e neurótica
(un centro neurótico pro cun
límite marcado nalgún sitio)

e non era a primeira vez
que o suicidio voaba no ceo da última paisaxe
Mary (buked and scorned)
xa o tiña visto
no ceo de California.

lois pereiro

3



LOIS

Revista Loia II



Dpto. Legal. O 26/04/2011



LOIS

ESAD GALICIA
Escola Superior de Arte Dramática

 **XUNTA DE GALICIA**

Poemas para unha loia

Lois Pereiro

Poemas para unha loia

seguido de
MODESTA PROPOSICIÓN PARA RENUNCIAR A FACER XIRAR A RODA
HIDRAULICA DUNHA CICLICA HISTORIA UNIVERSAL DA INFAMIA



LOIA

ESPIRAL MA

A finais dos anos 70, Lois Pereiro publica os seus primeiros poemas na revista Loia, unha publicación cativa, feita con fotocopias, que nacera en 1978, e "máis <underground> ca un gorrión nun metro", como afirmara Manuel Rivas.

Nestes poemas, Lois experimenta coa materia poética nun sentido profundo e vivencial. A poesía fúndese coa biografía e será a partir deste momento unha compañeira inseparable do seu transitar pola vida. O poema «encarnado en sangue» tal e como a el lle gustaba definir os seus versos será, así o motor do seu quefacer artístico.

En Poemas para unha loia advírtese unha clara influencia dos poetas franceses Paul Éluard e Charles Baudelaire, e deles toma o sentido desgarrador da palabra, que se mestura coa crónica existencial e coa propia experiencia persoal desde un posicionamento ao límite. Como para Baudelaire, as flores (os poemas) caminan ao encontro de todo aquilo que a sociedade rexeita para atoparse coa propia decadencia do mundo no cal habitan. De Éluard, Lois tomará o gusto pola experimentación vangardista e a militancia comprometida cos ideais revolucionarios.

5



LOIS

Disparado 09/04/2011

6

Ensaio

Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infancia é un breve ensaio de Lois Pereiro que fora dado a coñecer o ano 1997 nas páxinas da revista Luces de Galiza.


Trátase dun manifesto onde queda reflectido o compromiso político-poético de Lois Pereiro. Aínda que non fose militante de ningún partido tiña unha forte visión política de cores anarquistas.

O pensamento punk aflora neste ideario a través da resistencia a que o mundo siga a xirar sen ter en conta os verdadeiros sentimentos que moven o fluxo da existencia.

No propio título, Lois advirte sobre o fundamento da proposición: a loita contra a infamia que se constrúe dun xeito histórico a través da renuncia, da negación a aceptar as verdades impostas.

Unha renuncia, na que o propio silencio formaba parte dun xeito vertebrador: "Todo forma parte dun ciclo: vivir-falar-falar da propia vida-escribir e calar. Isto último é o máis difícil", diría Lois.

**MEXAN POR NÓS
e TEMOS QUE
RECONVERTIR A
CHOIVA**



LOIS



LOIS

A nova sabotaxe de Lois Pereiro
ÓSCAR IGLESIAS 14/01/2011 El País

"Cando tiña 16 anos, Kropotkin fíxome crer que podía ser posible a súa estratexia d'A conquista do pan. Á súa dereita, a expresión bondadosa e miope de Castelao ou Bóveda. Bakunin noutro asento da mesa, a CNT-FAI, Ricardo Mella; máis aló Engels e Marx, Trotsky e Lenin vixiando a porta; e logo Voltaire, Fourier e os utópicos, Lafargue, Ho-Chi-Minh".

"Non lle apetecía estar nos círculos; si que valorasen a súa obra", di o irmán Positivas reeditou 2.000 exemplares de cada libro de poemas e 1.500 do inédito "Ten méritos como Valente ou Biedma", considera o seu editor en castelán Bragado, de Xerais: "É o maior esforzo editorial dos últimos anos" Lago Martínez: "Até onde lembro, é o primeiro poeta que aparece en pintadas"

Xornalismo

Entre as profesións do poeta tamén está a tradución ou o xornalismo. O xornalismo especializado permitiríalle combinar o traballo coa súa paixón lectora. Sobre os seus gustos literarios, Lois Pereiro opinou. "Imaxino que ao cabo todo o vivo ou lido acompañanos sempre, reuníndose con outras voces que se mesturan e que nos causan dor, alegría ou fracaso finalmente."

LOIS PEREIRO, 1997, Luzes de Galiza

Luzes. O poeta contra o abismo El País

D. SALGADO 14/01/2011
Por dentro da ambientación punk, a retórica rock&roll e a imaxe suburbana, habitaba un existencialista. O poeta do seu tempo máis achegado a Rosalía de Castro -a definición é de Manuel María- escribía contra os abismos e contra a enfermidade da vida moderna, revolviase no corazón da xungla de asfalto, resistíase a certas operacións barrocas da súa xeración.

O primeiro poema do primeiro libro xa indica as latitudes

onde o escritor establecería o seu particular xogo de referencias.

Atrocity Exhibition remite ao existencialismo postpunk de Joy Division e, ao mesmo tempo, á novela homónima de James Graham Ballard sobre os efectos do capitalismo nos corpos.

Pereiro, transeúnte de vías paralelas á literatura galega dos oitenta, non deixará de investigar a violencia colectiva inscrita nos suxeitos, a dominación gravada nas dependencias físicas, emocionais, químicas, o amor como liña

de fuga do insoportábel.

Doente do aceite de colza e da sida, sufriu na propia pel os rigores da furia de vivir na época da fábrica. "Pero eu tampouco creo que o autor e a súa obra poidan separarse, como fai un carpinteiro ou un funcionario de Correos despois de ter rematado o seu traballo. De feito, creo cada vez máis na íntima relación estética e moral dun artista e a súa arte", declarou lle o poeta a Manuel Rivas.

Salinger
Shakespeare
Carver
Dylan Thomas
Bernhard



Dep. Legal: O 984/2011

8

Unha novela inconclusa

LUZES


Revista de liberdade, crítica e cultura. N.º 28. Ano 1997. 600 PÁGS.

A VIDA

A novela inconclusa de Lois Pereiro editase no número 28 da revista LUZES, no ano 1997.

Leva por título Náufragos do paradiso e estrutúrase en 8 capítulos:

- Incerto e atractivo
- Mulleres
- As pálpebras dun día
- Cando o ollo e a chave abren
- Contaxio
- A peor sombra da noite
- Desorde
- Golpes



Así comeza...

Unha noite de abril. A segunda lúa de abril cravada de perfil á escuridade transparente do cristal, mentres a noite esbara con paso áxil de formiga máxica. Un espello ovalado bota olladas frías cara a lúa, seguindo a forza rítmica do seu paseo lento. Imaxe contra imaxe nos dous cabos da tea negra.

Vai entrando un ruído lene, chamando ás portas da casa do sono: unha danza acuática que cobre as formas da tebra de sombras brillantes e sonoras. Na febre do seu xogo, as pingas can na terra, nas follas, na pedra maldita.

O cristal, esluindo na auga a lúa que se vai, volta ó seu inferno propio; e o espello pecha o seu ollo baixo a pálpebra invisíbel dun sono imaxinario mentres pensa: «¿Que importan as lúas?».

Na cama, Aíán sobre os ollos co peso dun sono: a batalla abríase no decorado dos seus símbolos de ferro e o suor frío das espadas bañadas en líquidos de ferida e morte. Sangue e bágoas, carne e cadavre ulíndose prudentes no encontro violento. Baixo a armadura, Aíán sentía o tacto frío dun ferruxe húmido, caíndo do metal, bicando a pel, e a confusión de maldicións e laios dos feridos. Dispóis, baixo os sorrisos metálicos das armas, os cadavres doutros sonhos, máis brancos, apiados ó pé dunha fosa pró seu viaxe cara a terra morna e podre.

Aíán espertaba, espertaba, sintindo os pasos do sono que fuxía, esfianado na nostalgia. ¿Quen corta os fíos dos sonhos?», pensaba. Quería saber máis, chegar ós límites da anguria daquíl sono...

FURIA
NA...
LOIS PEREIRO
DU PARADISO




LOIS

Artes plásticas. Revistas

SOMIDOS NA ESTRUCTURA original dun vello sacilexio novamente cambiado a túa aliena ó mundo desperta e vivece o lume intado do interno indefinido que nos move neste día de luxo no que somos dous anos estreitos de ollos sabios e sombra dilataa que deforma

Lois Pereiro

Can sen Dono



Os mormons en Galicia

Más allá del Telón de Grelos

REVISTA ATLANTICA

LA CORUNA VUELA CAPITALIA 1994

LA RESERVA NOROCCIDENTAL NOSTALGIA DEL VERANO CONSIGNAS MARITIMAS





LOIS

Poesía primeira

Lois
Pereiro
poemas
1981-1991

POSITIVAS

10

Poemas 1981-1991

En maio de 1991 inicia a súa andaina a editorial Positivas coa colección de poesía Di-Vernos, na que terán cabida moitos dos poemarios máis modernos e alternativos da década dos 90.

Inaugura a serie unha recompilación dos poemas que Lois Pereiro escribira ao longo de toda a década anterior, versos nos que Pereiro amosa unha poética na que o persoal vai cobrando cada vez máis ritmo, sempre cun moi coitado sentido do estético que se podería cualificar de neoclasicista sen deixar de ser completamente moderna.

O amor e a morte atópanse da man do erotismo no medio dunha mancha de referencias ao cine, á música, á arte e á literatura. Tamén Galicia? que fora emitido pola TVG con motivo do 25 de xullo do ano 1988.

En doce versos falsos
1 A miúdo botas negras e o seu xesto
(abandonadas do corpo que as esixe)
2 na postura dun acto de violencia
(sen a expresión real do asasinato)
3 pousadas coma un signo
(de furia e de nostalgia)
4 na noite lostregada
(esvaindo no refuxio
5 doutra visión da euforia
(sabendo que hai un drama elaborado)
6 da proesión do desespero agudo)
7 na oración que me invade
(coma orixe do desespezo)
8 na idea pruído dun mundo que me invade
9 (dun par de botas negras)
10 (pola porta dun mundo que me invade)

II
12 (tan cegos coma o teu útero estéril)
que van durmir o soño que non sinto

Penetration prayer
Celebra e repebe
na lingua da rabia
nos límites da euforia
na tua boca
este ouro branco e lúxico veleno
co teu sangue entreatberto
a un mundo inoerto
en doses fragmentadas da ruína
pois a demolición
é o ferro que nos arrea
celebra a nostalgia
e na ausencia do vicio
conserva o teu odio
amén.

Que é Galicia? (fragmento)

9. Poesía, Patria, Paixón.
Perigo de extinción, perdido na nosa
propia Puresa, da necesidade de ser un
Pobo. É nosa indiferencia alimentará o
Proceso de autaxenocidio que vivimos.
Pasos mellados, anidados entre os
Perfiles do Pasado, nos Presencia dunha
vezal sensación de eternidade.
Paixón e Poesía "punk", refraxos
Postmodernos e altas horas nos Paixóns
urbanos de noite.



LOIS

11

Na morte
 E por primeira vez desde que souben
 que aínda respiraba e seguía vivo
 así o que é sentir medo é non estarlo


Interrompido na mellor época
 cando estaba soñando un soño débil
 de paixón e balnear
 cunha aerea distancia literaria e sabla

Se ela podía ser tan inoportuna
 groseira insulta e pouco delicada
 charladora e despois de ter sobrevivido
 á confortable atracción do fracaso
 e saber dunha vez o que era a vida
 amar e ser amado.
 setembro, 95

Poesía última de amor e enfermidade



Reparando o castiello como capitán
 Claridome enriba cando pasades
 por diante do lugar no que eu
 trabou
 enviándose unha húmida mensaxe
 de vida e de furia necesaria.
 outubro, 95



lois pereiro

poesía última de Amor E Enfermidade 1992-1995

Edicións Positivas

Curiosidade
 Saber que está un á morte
 e o corpo é unha paisaxe de batalla:
 unha carnicería no cerebro.

¿Permitirías ti, amor deserto,
 que nesta febre penitente abrise
 a derradeira porta e a pechase
 detrás miña, sonámbulo e impasible,
 ou porías o pé
 entre ela e o destino?
 novembro, 92

¿Que lle podo ofrecer a quen me intente?:
 días contados de paixón inerte
 e amor eterno sempre compartido
 coa débeda obrigada a unha existencia
 amortizada en pagos usurarios
 conjugando os verbos vivir e amar
 en primeira persoa do plural
 reducidos ás formas do presente.

¿Que lle podo ofrecer a quen me intente
 se son un fio solto da esperanza
 tecida e destecida
 por Penélope?
 xuño, 95

Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995
 O último libro que lle publicaron en vida é o seu legado máis
 consciente. O poeta escribe sabedor da inminencia da súa
 propia morte, inspirado por un augurio que o leva á
 redención curativa mediante a escrita.
 Un libro catárquico no que Pereiro afina a súa expresión
 poética, tinguíndo estes versos de corte clásico cunha
 forza vital á que non é doado subtraerse.



Con constantes alusións ao
 corpo enfermo e ao amor que o
 protexe da dor, os poemas
 (escritos todos eles nos
 derradeiros tres anos da súa
 vida) conforman unha sorte
 de diario no limiar da morte.
 Un testamento co que Lois
 Pereiro ascende á nómina da
 poesía universal, cunha
 temática pública e privada
 na que a calquera persoa lle é
 posíbel recoñecerse.

A música e a poesía

Edinburgh, Edinburgh
 O tren fura paisaxes coa un piollo
 nos cabelos escuros
 da Escocia escurada
 mentres veñen as mans
 do abreite alleo
 abrindo as portas daquel día de setembro
 orusando o Mar do Norte cara ás illas
 chegando a un Edinburgh en sombra estraña
 baixándose do tren coa mente aberta
 ¿ónde se deita a noite en Edinburgh?
 á esquerda do castelo de carbón diamante
 oua sol negro?
 catro teenagers punke
 xaspaban n'os colores metalizadas
 do seu cillo animal oravado neles
 "So future Anarchy & destroy me"
 because I love them since they're like you
 dura pedra escoceza que na garda
 da hipnose contaxiosa das Highlands
 empapando a alma en frío
 cervexa calvinista whisky ateo
 Cruel máxica dura
 espectro dos seus sonhos agresivos
 volverei por teu ser
 na túa pel e na escusa do desexo.



A relación coa música

Pereiro gardou sempre unha relación moi directa co mundo da música. Na súa discoteca podíanse atopar vinilos dos grupos máis rompedores da época, como Sex Pistols, Lou Reed e a Velvet Underground, The Doors, The Ramones ou Joy División. A Lois gustába lle vestir coa estética punk propia da cultura suburbana, feito que o vincula de xeito directo coa vangarda cultural europea do momento e que lle imprime un carácter cosmopolita e universal á súa obra. Moi especial foi a relación co grupo coruñés Radio Océano, liderado polo seu irmán (Josito Pereiro), precursor do rock en Galicia e un antecesor dos grupos postpunk da movida dos anos 80 que mesmo chegou a lle poñer música a un dos poemas de Pereiro chamado Narcisismo, presente no LP Nin falta que fai.

"O rock é unha forma de cultura que marcou a miña existencia desde os 15 anos. É lóxico que se meta na túa vida, que teñas vivencias e actitudes relacionadas coas letras de rock, Jim Morrison, por exemplo. Iso traslócese nas obras que fas. Calquera persoa da miña xeración está influída por todo iso. Como dicía Wim Wenders, temos o subconsciente colonizado polo rock" (Patiño, 58)

Narcisismo

Sigo os pasos do sangue no meu corpo
 e coa unlla do meu dedo máis firme
 abro un sulco vermello en media lúa
 na vea que me acolle tan azul.

RADIO OCEANO



NIN FALTA QUE FAI



LOIS



LOIS

De amor e desamor. Amizades literarias

Pechounos a invernia (fragmentos)
A Xosé Manuel e Lois Pereiro

I
Pechounos a invernia
nun verso de mazás
(...)

IV
Vanse indo os brillos
no hule dos mantelos
e móllanse en coroa de viño
os rostros dos reis
e os xardíns de oriente, muchos xa
polo roce dos oíbados
(...)

VII
Somos,
somos nós entre verbas cesas,
nos bañís de inverno
de Manuel Rivas, *Balada das praias do Oeste*
(1985)
(...)



Brisa do mar

¿por que é tan triste
que a vida á súa beira
é unha acouganza feliz?

¿por que espárese a follaxe
aventa as sñoanzas
arrinca astrá as raizadas?

¿por que
xeada e triste
vén a min
como se me lembrase?

de Xavier Seoane, *Presencias. A saudade do corredor de fondo* (1985)



De esquerda a dereita: Pilar Pallarés, M. A. Fernán Vello, X. Mato Fondo, Xulio Valcárcel, Manuel Rivas, F. Salinas Portugal, Lois Pereiro, Lino Braxe, Xavier Seoane e Xosé Devesa.

Na súa volta á Coruña, Lois entra en contacto cunha serie de poetas residentes na cidade (Miguel Anxo Fernán-Vello, Pilar Pallarés, Manuel Rivas, Xavier Seoane e Lino Braxe, entre outros) que, vinculados pola publicación de dous volumes de poemas, titulados *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985), conforman a base da que hoxe coñecemos como xeración poética dos oitenta.

Aínda que a estética da poesía de Pereiro se desmarca notablemente da tendencia preciosista que acabará sendo característica deste grupo, si podemos encontrar algúns fundamentos comúns, como a preocupación polo uso dunha linguaxe pulcra que afonde as súas raíces no clasicismo ou o distanciamento respecto do verso militante que imperaba na xeración do socialrealismo, ao se decantaren por unha temática na que se afastan das referencias ao contexto político para se achegaren aos grandes temas universais do amor, a beleza e a morte.

“No relations public. Fóra bobadas, fóra vilezas.
Aí vén O’Lois cunha bomba envolta en flores no corazón”.

Manuel O’Rivas, *Luzes de Galiza*

Dpto. Legado C. 684-2011

CONVERSA ULTRAMARINA

CONVERSA ULTRAMARINA

Lois Pereiro

14



POSITIVAS

Algunha xente sempre superará a ficción coas súas realidades. Cantas historias habitan en todas as partes. Todo radica en querer e saber captalas. E despois asumilas como humanas. I4-4-95 (I am)


Boca&boos, un sitio raro e orixinal: todo tipo de bocatas quentes e fríos, con pan de baguette, e decoración da escola de McDonald's, con uniformes marelos e gorra de viseira. Tiña que ser na Coruña e na praza de Vigo, claro. Pero é unha boa idea, si, moi chic. Con fondo musical "New Age" como é debido e "politicamente correcto", bla, bla. "A que chegamos!, como diría Jaime. I5-5-95 (6,45 B&b hour)

A mente en calma, de camiño aobar, no quiosco onde merco a miña porción diaria de prosa efémera, valeno en papel prensa, vexo un deses librinhos de Alianza: nada menos que Os mortos de James Joyce; e, nunha "iluminación" de muller surda, golpéame a idea de poñer nel as palabras que me ocupan a mente, claras e firmes, desde hai un par de días, e das que estou seguro desde o título ata o punto final. Escríbolle un poema a Patti mentres agardo, e vai saíndo coa un fío solto nun tecido. Todo o que ase vai tomando forma dun xeito natural, sen dúbidas... I6-5-95 (I2 da mañá)

Ben sei que "han vir anos peores que nos farán máis cegos", pero todo iso ten pouca importancia comparado cos diálogos de Enrique IV, Shakespeare ou Esquilo, "oanto sen lira que xea de espanto os mortais"... Todo é tan mediocre, tan pouco ético, falto de estética, que non está sequera na mesma frecuencia na que eu respiro agora. 23-5-95 (I,30 am)

Por dez centímetros non me matou ese ridículo Citroën AX vermello, coa súa mestra dentro. Que fose un Jaguar sería diferente. Agora xa non podo, non quero poder máis. Anón! Non me quere aínda a da gadaña. 4-4-95 (8,10 pm)

De viaxe toda a fin de semana polos arredores. No muíño, con Pedro e Margarita, deprimidos por descubrir hai pouco que o vello xa non lles vende a casa de enfrente, Pobre Pedro. Venos todo o que desfixo a riada de inverno e o Pedro pérdese polos recunchos da súa máis preciosa posesión, e nós sentamos e escoitamos o rumor do río: que repouso para os sentidos, que maxia. Faime lembrar "Trastorno", e Ana e mais eu falamos baixinho como para non espertar o río. Pasanos a tarde na cantina de Areas cun vello que filosofa co seu can. De regreso a Monforte, recollenos á Pepa e imos cear por aí todos. 9-4-95



LOIS



Outras conversas

Canais e CD's



15



Imprenta de libros en Galicia: LUC PEREIRO, Distribución: LINDA BRAZ, Correos de Galicia: LINDA BRAZ - ANTELA CO, Distribución de libros en Galicia: PAÇO DE PIR,

"Cando tiña 16 anos, Kropotkin fíxome crer que podía ser posible a súa estratexia d'A conquista do pan. A súa dereita, a expresión bondadosa e miopie de Castela ou Bóveda.

Bakunin noutro asento da mesa, a CNT-FAI, Ricardo Mella; máis aló Engels e Marx, Trotsky e Lenin viviaño a porta; e logo Voltaire, Fourier e os utópicos, Lafargue, Ho-Chi-Minh".

OSCAR IGLESIAS 14/01/2011

[Páx](#)

A min dáme [...] rabia non saber se antes de morrer lle deu tempo a ver Trying To Kiss The Moon (1994), unha deliciosa película asinada por aquel Stephen Dwoskin a quen Pereiro citaba no seu primeiro libro. Non podo aseguralo porque non teño ningunha evidencia ao meu favor, pero coido que lle tería gustado. Dwoskin, como el na Conversa ultramarina [...] facía literatura coa súa propia vida. En primeira persoa da verdade.

IAGO MARTÍNEZ 15/01/2011

[Xornal.com](#)

Lois Pereiro fala claro, simple, directo ó fondo máis fondo do corazón, onde xa non quedan máis sitios para acocharse, cando estás 'helpless, helpless' como dixo Neil Young.

ANTÓN LOSADA. Galegos na escabeira, de Xurxo Lobato

"Penso que a poesía é un xeito de fuxir da barbarie." "Eu empecei a escribir quizais un pouco pola orixinalidade das miñas lecturas poéticas naquela época, moi influído por Paul Celan, polos poetas simbolistas, con Baudelaire á cabeza." Lois Pereiro a Ana Romani. 1995



loispereiro.blogaliza.org
NUBE DE TAGS
COMENTARIOS RECENTES
REFERENCIAS
COLABORA

